



Dende as federacións de industria de CCOO, CIG e UGT, adoptamos a seguinte proposta, co obxecto de que sexan asumidas polo conxunto dos Grupos presentes no Parlamento Galego e se promova o seu debate e aprobación.

1º Instamos a administración publica a tomar cantas medidas sexan necesarias para asegurar a actividade, o mantemento do tecido produtivo e económico que conforman no seu conxunto os estaleiros da Ria de Vigo.

2º Que dende a Xunta de Galicia se promova unha política industrial real para o sector naval, a traves de accións coordinadas dende o consenso dos axentes sectoriais encamiñadas a definir unha estratexia sostible, e de futuro para o conxunto do sector, que deberán conter accións no ámbito da financiación e o abalamento, na estratexia comercial, na identificación de nichos de actividade e en estímulos a demanda para asegurar o futuro do sector naval.

3º Esiximos da Xunta de Galicia e da Consellería de Traballo a creación dun fondo de Compensación co obxectivo de garantir a cobertura efectiva dos traballadores/as do sector, tanto nas prestacións económicas como as perdidas sufridas durante os anos 2008/2015, cotizacións a Seguridade Social e revalorizacións das bases de cotización das pensións existentes e futuras, así como axudas extraordinarias a reposición das prestacións e subsidios de desemprego para os traballadores e traballadoras deste sector, que esgotaron as súas coberturas en distintos Expedentes de Regulación tanto temporais como extintivos en pro da aposta por un escenario de recuperación da actividade.

4º Solicitamos o apoio e a solidariedade cos traballadores/as afectados pola falla de actividade nas súas instalacións, e que manteñen en entredito a continuidade das súas Empresas e dos seu postos de traballo.

En Vigo, a 11 de Xullo de 2016.